

Bos días!

Estas serían as actividades para recuperar o 2º trimestre de Lingua galega. Cando rematedes de facelas poderdes envalas ao seguinte enderezo anasanfernandosecundaria@gmail.com

Moito ánimo!

Actividades :

1. Le o seguinte texto no que se comenta o cadro de Velázquez «A fragua de Vulcano» e sinala as características polas que poderíamos certificar que neste texto hai trazos de linguaxe científico-técnica:

Esta pintura, executada no transcurso do ano 1630 durante a estancia romana, parece revelar a influencia de Guido Reni e a estatuaria básica. O rostro dun deus Apolo mozo é especialmente delicado: louro, adolescente na súa noz nacarada, cuberto a medias por un manto amarelo que, xunto coa aureola de raios de sol que lle circunda o rostro, ilumina o ambiente da fragua en penumbra.

Os elementos cálidos e luminosos están representados por un anaco de metal candente que Vulcano suxeita sobre a engra e pola chama da cheminea, que pon de manifesto os corpos de dous ferreiros, que contemplan con estupor o visitante e, ao igual ca o xefe e os compañeiros, escoitan as súas palabras, acompañadas de xestos levemente arrogantes.

2. Indica cal dos seguintes textos está escrito cunha linguaxe científica-técnica. Razoa a túa elección.

TEXTO A

Será subvencionable o cambio de caldeiras, equipamentos de climatización ou bombas de calor convencionais de baixa eficiencia enerxética pola compra doutros equipamentos de alta eficiencia enerxética com potencia nominal térmica maior ou igual que 5 kW e menor ou igual a 70 kW (a potencia corresponderá á suma das potencias de todas as caldeiras instaladas e, no caso de equipamentos de frío ou de bombas de calor, corresponderá á suma de todas as potencias térmicas das unidades exteriores).

TEXTO B

Na situación de ausencia non declarada, agás previsión expresa do ausente, correspóndelles ao cónxuxe non separado legalmente ou de feito, aos descendentes maiores de idade e aos ascendentes, por esta orde, a representación do ausente de feito en todos os actos e negocios xurídicos de administración ordinaria que non se poidan demorar, a obriga de velaren polos intereses deste, así como instaren a acta á que se se refire o artigo anterior.

3. Para que se empregan os carteis? Cales son os que ves con máis frecuencia?

4 .A rapa das bestas de Sabucedo é unha festa que se celebra todos os anos e foi declarada Festa de interese turístico nacional. Busca información sobre ela e describe como farías un folleto informativo para promocionala.

5. Completa as seguintes palabras segundo conveña. Se o precisas consulta o teu dicionario.

adxe.....tivo
pi.....órico
a.....ión
exa.....to
o.....idental

tradu.....ión
condu.....or
ví.....tima
fi.....ión
obxe.....o

produ.....o
o.....avo
di.....ado
do.....or
viadu.....o

6. Crea un enunciado con cada unha destas palabras. Consulta o teu dicionario se o precisas:

Bimensual/bimestral

Previr/prever

Centenario/século

Hogano/hoxe

7. Substitúe nos seguintes enunciados o verbo coller por algún sinónimo.

Neste autobús só collen corenta pasaxeiros.

Está collido este sitio?

Collín a gripe durante a fin de semana

A treboada colleunos por sorpresa.

Colle a roupa antes de que chova.

Colle a nena para que non caia.

O restaurante estaba collido desde había tres meses.

Non fun quen de coller o conto

O cadro novo colle toda a parede.

8. Que é un antónimo?

9. Le o seguinte texto e fíxate nas palabras subliñadas. Escribe os correspondentes antónimos.

A miña casa é tan bonita como grande. Está dividida en dúas partes: a máis vella construíuna o meu avó.

10. Indica o antónimo dos seguintes adxectivos: *relixioso, divertido, maduro e tradicional*. Escribe despois un enunciado con cada un dos membros desas parellas de palabras. De ser necesario, consulta o teu dicionario.

11. Completa estas oracións con palabras que conteñan un grupo consonántico.

Exemplo: Martín Códax é, se cadra, o ...xoglar..... galego máis coñecido.

O recheo desta almofada é de de ganso.

Polo seu aniversario, meu irmán vai dezaseis candeas.

A que disparou o arqueiro deu xusto no centro da diana.

Ponlle un de sobremesa ao teu avó, que quere un pouco de arroz con leite.

A profesora de música díxome que teño que practicar máis coa
.....

Para a clase de debuxo preciso, escuadro e cartabón.

Nas rebaixas comprei unha que combina moi ben coa miña saia vermella.

12. Escribe estas oracións corrixindo os erros que afecten aos grupos consonánticos.

- a) A flota de guerra ingresa ten o dobre de barcos ca a alemá.
- b) Ese esclavo do emperador é moi fraco pero na súa mocidade foi gradiador.
- c) É un pracer escoitar a Xurxo tocando a flauta e tamén o crarinete.
- d) Colle o prano de Compostela e márcame cunha frecha o lugar onde está a plaza do Obradoiro.

13. En que lugar da palabra se colocan os prefixos? E os sufixos? Pon exemplos.

14. Indica nas seguintes palabras o prefixo correspondente e escribe palabras con eles.

- retrovisor:.....
- perímetro:
- endocardio:
- interdialectal:

15. Cales son os signos de puntuación que coñeces? Cal empregas para separar un parágrafo de outro? E para separar dúas oracións e marcar o final dun texto?

- a) Cantos tipos de punto coñeces? Establece os diferentes usos de cada un deles.
- b) Que tipos de enunciados introducen os signos de interrogación? E os de admiración? Pon un exemplo de cada un deles.
- c) Existen diferentes posibilidades de colocación dos signos de interrogación na nosa lingua? Explicaos.

16. Saberías dicir o nome dos meses do ano? E a denominación popular dalgúns deles? Como escribirías o nome dos meses en maiúscula ou en minúscula?

.....

17. Cal é o nome do primeiro día da semana? E os do resto? De onde vén a denominación dos días da semana? Que outra denominación coñeces á parte da tradicional?

18. Le con atención o seguinte texto e indica o nivel de lingua e o tipo ao que pertence. Xustifica a túa resposta.

Caramelo continúa cos seus plans de expansión no Reino Unido, onde prevé alcanzar un total de 25 puntos de venda este ano tras asinar un acordo coa cadea de grandes almacéns House of Fraser, segundo informou este mércores a firma galega.

A firma desembarcou o pasado ano no Reino Unido, cun *showroom* en Londres, ao que segue agora o acordo subscrito coa firma House of Fraser, que conta con 62 grandes almacéns distribuídos no Reino Unido e en Irlanda, cunha superficie de venda de 4,9 millóns de metros cadrados.

Caramelo está inmersa no seu plan de internacionalización, coa vista posta principalmente en Europa, con Reino Unido, Francia, Alemaña e Rusia como países prioritarios, así como Asia e Oriente Medio como mercados en auxe e onde as marcas occidentais teñen unha grande acollida.

www.europress.es

19. Le atentamente o seguinte texto.

Doroña, 9 de abril

Xabier Louzao
Santiago de Compostela

Querido Xabier:

Acaban de dar as cinco da mañá. Cando leas estas liñas supoño que pensarás o mesmo ca min: que fago escribíndoche a estas horas, no canto de estar durmindo e descansando, como sería o normal? Pero é que non podo pasar nin un minuto máis sen contarche o que me acaba de ocorrer. Porque agora teño a certeza de que aquí está a pasar algo estraño, algo que xa me empeza a inquietar de verdade. Se non, xa me dirás ti se lle atopas lóxica ao que che vou relatar.

Na carta anterior xa che contaba o que me ocorría estes días co fax e co teléfono. Veña a recibir mensaxes anónimas de cada pouco, con sentido ou sen el, como ben viches na folla que che enviei. Ao primeiro só pasaba polo día, pero as mensaxes comezaron a chegarme tamén pola noite. Estaba farto de bromas, así que esta noite decidín desconectar todos os aparellos. E desconectéinos, estou ben seguro, fíxeno antes de irme deitar. “A

ver como se amaña agora o bromista para seguir molestando”, pensei. Pero aínda non hai nin unha hora, cando estaba profundamente durmido, creo que pasaba xa das catro da mañá, soou o teléfono. Imposible, dirás ti; imposible, dixen eu. Porque estes aparellos non funcionan se non os conectas, a técnica aínda non avanzou tanto. Erguinme decontado; picado pola curiosidade, pensando que quizais todo tiña unha explicación sinxela: seguro que tivera a idea de desconectalo, pero finalmente esquecín facelo.

Mais cando cheguei ao estudo, vin que o teléfono continuaba sen conexión e, non obstante, seguía soando. Descolgueino, cheo de estrañeza, e puiden escoitar outra vez os rúidos distantes e as voces inintelixibles. Só duraron uns segundos, porque pronto sentín o clic que sinalaba o final da comunicación. Cando xa colgaba, oprimido polo desconcerto, o ruído do fax indicoume que aínda non remataran as sorpresas. No fax apareceu unha nova folla, pero desta vez non viña co barullo de letras acostumado, coma a que che enviei onte. Desta vez tiña unha mensaxe ben clariña, unha mensaxe que se repetía ata a exasperación. Velaquí cha envío.

En canto lin aquilo erguí a vista, case dun xeito automático. Referiríase ao torreón. Subín as escaleiras atropeladamente, co corazón baténdome de xeito atolado na caixa do peito. Pero no torreón non había nada estraño, todo estaba como eu o deixara onte pola tarde. Fiquei parado, indeciso, tratando de adiviñar o sentido que poderían ter aquelas palabras. E, de súpeto, caín na conta. O faio! Creo que xa che dixen que a casa ten un faio, pero ata agora nunca subín a el, máis que nada por comodidade. Porque non resulta doado facelo, xa que hai que entrar por unha trapela situada no teito do corredor e cómpre unha escada para chegar ata ela.

Por iso che estou escribindo a estas horas. Para contarche o que me acaba de ocorrer, pero tamén para facer tempo, mentres agardo a que chegue o día. Preguntaraste por que non subo agora, que é o que mo impide. Se queres que che diga a verdade, o único que mo impide é o medo. Porque empezo a ter medo, amigo Xabier. Medo, si: agora sei con certeza que nesta casa pasa algo estraño, que quizais haxa algo máis que supersticións e ignorancia detrás das historias das que nos temos rido tantas veces (...).

Pola fiestra xa entra a primeira claridade do amencer. Agardarei ata o mediodía para subir ao faio, cando o sol estea no alto e a súa luz inunde toda a casa. Ben sabes que con luz todo semella máis tranquilizador (...).

E máis nada, amigo desagradecido. Cantos días terán que pasar ata que deas sinais de vida? Unha aperta moi grande.

Adrián

Agustín FERNÁNDEZ PAZ
Cartas de inverno
Xerais

a). Cal é a situación que dá pé á escritura da carta?

b). O narrador afirma que «tiña o corazón batendo de xeito atolado na caixa do

peito». Con iso quere significar que... (rodea cun círculo a resposta correcta).

- a) Estaba intimidado polos acontecementos.
- b) Estaba sufrindo un fallo cardíaco.
- c) Estaba impaciente por descubrir o misterio.
- d) Estaba asustado por estar só.

c). A expresión «picado pola curiosidade» no texto significa:

.....
.....

d). Canto tempo transcorre entre o inicio e o remate da carta?

- a) Uns minutos, os que leva escribir unha carta de dúas páxinas.
- b) Arredor de media hora, tempo máis que suficiente para redactar a carta.
- c) Unhas horas, desde a madrugada ao amencer.
- d) Case un día, desde a noite ata o mediodía do día seguinte.

e). Con que campo semántico gardan relación as palabras «estrañeza» e «desconcerto»?

- a) Astronomía.
- b) Astroloxía.
- c) Medios de comunicación.
- d) Misterio.

f). A seguinte expresión: «A mensaxe repetíase ata a exasperación», quere dicir:

- a) Que se repetía ata irritar a calquera.
- b) Que se repetía cada vez con máis forza.
- c) Que se repetía en intervalos fixos de tempo.
- d) Que se repetía ata a esaxeración.

g). Onde poderíamos atopar un texto coma este?

- a) Nunha novela negra.
- b) Nunha novela de misterio.
- c) Nunha novela de ficción científica.
- d) Nunha novela de aventuras.

i). Cal é a razón principal pola que Adrián non sobe ao faio?

- a) Está escuro.
- b) É de noite.
- c) Non ten fácil acceso.
- d) Ten medo.

20. Un diccionario é para ti unha obra literaria? Explica por que.